

**PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DE
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**



IES ISIDRO PARGA PONDAL

CARBALLO (A CORUÑA)

CURSO 2023-2024

ÍNDICE:

1.- Membros que compoñen o equipo.

2.- Estudo sociolingüístico do centro.

- a) **Contorno.**
- a) **Situación lingüística.**
- b) **Profesorado.**
- c) **Alumnado.**
- d) **Persoal non docente.**

**3.- Plan de Normalización e Dinamización Lingüística do IES
Isidro Parga Pondal de Carballo no curso 2023-2024.**

3.1.- Obxectivos xerais.

**3.2.- Obxectivos específicos e Actuacións dinamizadoras
específicas para o fomento da lingua.**

1. Membros que compoñen o equipo.

O equipo encargado de potenciar o uso do galego no IES Isidro Parga Pondal de Carballo debe estar constituído por membros que pertencen aos distintos colectivos que forman a Comunidade Escolar: tres profesores, tres alumnos e un membro do persoal non docente. Durante este curso 2023-2024 os integrantes deste equipo son:

Persoal non docente: Ramón Varela Castro (administrativo).

Alumnado: Saray Gende Collazo. 3º ESO C.

Xulia Arán Paredes. 1º BACHARELATO B.

Lola Collazo Couto. 2º BACHARELATO B.

Profesorado: María Sánchez Gutiérrez.

Mª Esther Bértoa Naya.

Isabel Porto Cacheiro.

Coordinadora: Isabel Cerviño Amado.

O equipo tamén conta con outros membros colaboradores entre o profesorado e o alumnado que participan e axudan nas actividades que se vaian desenvolver.

2. Estudo sociolingüístico do centro.

O Concello de Carballo sitúase na Comarca de Bergantiños, na provincia da Coruña. Está situado entre As Mariñas e a Costa da Morte. Ten unha situación xeográfica que lle permite establecer fáciles comunicación coas principais cidades de Galicia e disfrutar da diversidade paisaxística que configuran os seus ríos como o Anllóns ou a través do espazo natural de Razo-Baldaio.

Neste momento ten unha poboación de 31.456 habitantes nunha superficie de 186.09 Km.

O IES Isidro Parga Pondal está situado en Carballo, capital de Bergantiños. É un centro onde se imparte a ESO, Bacharelato, Ensinanza de persoas adultas e un Ciclo Superior de informática.

A procedencia social e xeográfica do alumnado distribúese entre a rural e a de zona urbana.

A lingua maioritariamente empregada nesta comarca é o galego, sendo minoritario o uso da lingua castelá, limitada a certos grupos moi reducidos. Isto non significa que non haxa unha situación diglósica en amplos sectores da sociedade, que identifican lingua galega con clase social baixa; mesmo unha porcentaxe, baixa, do alumnado cre que o galego non é válido para certos usos e/ou ámbitos.

Por outra parte o Concello ten totalmente normalizado o uso da lingua galega e conta con Servizo de Normalización Lingüística co cal colaboramos desde o ENDL do centro.

En ningún momento xurdiron problemas ou protestas de pais polo uso do galego nas materias nas que se usa.

Os datos que temos non están actualizados, pero cremos que non se afastarán moito dos resultados das últimas enquisas

realizadas.

Se nos centramos na lingua empregada no centro é preciso subliñar que o castelán é, en todos os casos, moi inferior á dos que utilizan o galego. O problema máis significativo que atopamos é o da existencia de prexuízos cara á lingua galega que aínda non foron superados e nos que hai que traballar máis en profundidade para conseguir erradicalos.

Podemos afirmar que a lingua habitual do **alumnado** é maioritariamente o galego, cunha competencia relativamente boa, tanto por escrito como oralmente; aínda así, a observación directa do profesorado e do ENDL estima que a perda de alumnado galego-falante é cada vez maior no alumnado de nova incorporación.

A lingua habitual do **profesorado** é maioritariamente o galego destacando entre os usuarios do idioma un grupo de docentes bilingües con predominio do galego. A continuación, seguiría un grupo de profesorado bilingüe con predominio do castelán e un grupo monolingüe galego. Finalmente, constatamos a existencia dun grupo monolingüe en castelán.

Con respecto á **situación lingüística do centro**, a percepción que o profesorado ten da súa capacitación para empregar o galego na actividade docente é media-alta. A disposición do persoal docente para actualizarse e reciclarse en lingua galega é boa.

En canto ao **persoal non docente**, tanto o persoal de conserxería e administración como o persoal de limpeza utilizan habitualmente o galego.

Un dato importante é que na documentación administrativa, notas nos taboleiros, notificacións de faltas, comunicacións aos pais, etc, existe unha total situación de normalidade, sendo o galego a lingua masivamente empregada.

3. Plan para a Normalización e Dinamización Lingüística do IES Isidro Parga Pondal de Carballo no curso 2023-2024

3.1. Obxectivos xerais

- Lograr unha actitude positiva da comunidade educativa en favor da normalización.
- Desbotar os prexuízos referentes ao galego e ás súas variedades sociais e xeográficas.
- Conseguir a valoración do galego como lingua configuradora da identidade persoal e colectiva.
- Facer sentir á comunidade escolar que o galego permanece vivo se é vehículo de comunicación normal de Galicia; isto só se poderá acadar usando a lingua normalmente.
- Conseguir que as actividades do ENDL teñan a resonancia axeitadas e cheguen a todos os membros da Comunidade Escolar.
- Comprometer na tarefa normalizadora o maior número posíbel de membros da comunidade educativa.
- Lograr a plena normalización do noso idioma na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa, tanto nas aulas como fóra delas.

- Concienciar os sectores máis próximos ou afíns á nosa realidade para lograr un cambio progresivo da súa actitude lingüística e axudar a que outros/as se sumen a este labor.

- Valorar a presenza do galego como lingua habitual en todo o entorno no que se move a vida dun estudante: actividades educativas, publicidade, ocio, cultura, etc.

- Conseguir que as compañías de sensibilización e as actividades a prol da normalización lingüística levadas a cabo, incidan nun uso concienciado da lingua, eliminando posibles prexuízos.

- Dispoñer de material escolar suficiente en galego e en todas as materias.

- Proporcionarlle ao profesorado formación e medios de traballo posíbeis que lle permitan realizar o seu labor empregando o galego como lingua instrumental.

- Conseguir a valoración do galego como lingua configuradora da identidade persoal e colectiva.

- Facer sentir á Comunidade Escolar que o galego permanece vivo se é vehículo de comunicación normal de Galicia; isto só se poderá acadar usando a lingua normalmente.

- Desbotar os prexuízos referentes ao galego e ás súas variedades sociais e xeográficas.

- Constatar que o galego aínda está nunha situación “ delicada “ con respecto á súa permanencia na sociedade polo que será preciso primar o seu uso en todas as situacións.
- Intentar que os profesores e as profesoras muden a súa lingua vehicular e pasen a impartir as súas materias en galego. Isto tería moita incidencia no proceso de normalización lingüística do centro. Este feito significaría que o alumnado tería a oportunidade de estar en contacto coa lingua tres horas semanais a máis ao longo de todo o curso, e que o faría utilizando a lingua “ código especializado “ – tamén de relación – e que inconscientemente estaría a vencer un dos claros prexuízos lingüísticos existentes e que é aquel que di que o galego só é unha lingua familiar e de relación.
- Unha vez reunidos todos os membros do EDLG chégase ao acordo de concretar os días de reunión sempre e cando sexa posible para todos eles. En principio as reunións terán lugar o luns ás 14:05 horas.

3.2. Actuacións dinamizadoras específicas para o fomento da lingua.

Queremos destacar a estreita colaboración entre os membros do EDLG e os membros do Equipo da Biblioteca. Un dos obxectivos prioritarios será o traballo coordinado entre o equipo da Biblioteca e do EDLG. Así todas as actividades do EDLG serán difundidas na páxina web do centro, no blogue e redes sociais da Biblioteca.

En todas estas actividades procurarase implicar á totalidade ou á maioría do alumnado, segundo a actividade de que se trate.

Gustaríanos conseguir o mesmo obxectivo con respecto ao profesorado.

< Manter contacto con outros equipos de normalización da zona para ver de artellar actividades en común e tamén coa CGENDL no camiño de facer máis efectivo o noso traballo normalizador e de información á comunidade educativa para que o galego teña unha maior presenza en todos os ámbitos posibles e, dende logo, no educativo.

< Participar no FIOT (Festival Internacional de Outono de Carballo) co que vimos colaborando desde hai anos.

< Difundir convocatorias de concursos escolares que estimulen a creación literaria e audiovisual e animar á participación neles.

< Continuar no centro coas convocatorias que tiveron éxito o curso anterior: concurso de postais de Nadal, concurso de cartas de amor, concurso de cantigas de Entroido, concurso de lapbooks, concurso literario no Día das Letras Galegas ...

< Aproximar o alumnado ao medio natural e afectivo onde naceron e/ ou viviron escritores galegos importantes realizando algún roteiro literario en colaboración con outros departamentos (Ruta Pondaliana, visita ao dolmen de Dombate e ao castro de Borneiro...).

< Ter materiais audiovisuais e informáticos no noso idioma, para que o alumnado perciba a súa utilidade nas novas tecnoloxías e o profesorado dispoña de medios para o seu traballo.

< Tamén é conveniente ter dotada de libros en galego a biblioteca do centro, fomentando o seu uso e a súa lectura. Para isto colaboraremos activamente co grupo que traballa na biblioteca.

< Animar e apoiar o emprego da lingua galega en usos lingüísticos cotiáns orais: emprego do galego nas conversas coa familia, alumnado e persoal non docente, en todos os actos que organice o centro, megafonía, actividades extraescolares...

< Servir de altofalantes de todas aquelas actividades culturais que potencien o uso da nosa lingua e dalas a coñecer e difundir entre o alumnado.

< Establecemento dun taboleiro permanente para recoller e espallar entre o profesorado e o alumnado, así como entre os restantes membros da comunidade educativa, todas aquelas novas que supoñan un avance na recuperación do prestixio social da lingua.

< Colaborar co Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

< Organizar campañas orientadas á desaparición dos prexuízos lingüísticos: realizar carteis, adhesivos, slogans, sinaturas de apoio en paneis en sitios visibles do centro...

< Organizar xunto co departamento de Lingua Galega e o Equipo da Biblioteca a Semana e o Día das Letras Galegas.

< Participar na celebración da actividade do Correlingua.

< Promover a asistencia a obras de teatro en lingua galega. Procurarase levar a algúns grupos a representacións, tanto en Carballo coma na Coruña ou Santiago.

< Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes, que permitan un incremento da docencia en lingua galega.

< Sumarse a campañas de galeguización no sector empresarial promovidas por organizacións de promoción da lingua ou polo propio alumnado.

< Organizar algunha charla ou debate (escritores/as, sociolingüistas, personaxes públicos que empreguen o galego na súa profesión) para promover a dignificación social da lingua.

< Facer chegar ao alumnado unha listaxe de páxinas web en lingua galega, correctores, tradutores, etc nas que poidan atopar información, música, xogos...que lles resulte atractiva.

< Promocionar e celebrar as festas tradicionais galegas: Samaín, Magosto, Entroido, San Xoán...


< Organizar xogos, nos que participen o alumnado da ESO. Estes xogos comprenderán cuestións lingüísticas (gramaticais, sociolingüísticas, léxicas, historia, relación entre linguas, etc.) e literarias.

< Animar os alumnos e alumnas a recoller dos seus maiores testemuños de traballos, vivencias persoais relacionadas coa lingua, tradicións, festas populares, ... mediante fotografías e relatos que nos ilustren sobre a nosa cultura tradicional e a forma de vida dos nosos maiores.

< Colaborar coa biblioteca para o fomento da lectura en lingua galega promovendo todo tipo de concursos e actividades que se desenvolverán ao longo do curso.

Todas as actividades anteriores son liñas xerais que servirán de base para a elaboración definitiva de actividades que se deseñarán con máis concreción e detalle e que conformarán o proxecto de fomento do uso do galego que se presentará ante a Secretaría Xeral de Política Lingüística dentro da convocatoria de axudas.

A coordinadora do ENDL

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Isabel', with a large, stylized flourish underneath.

Asdo. Isabel Cerviño Amado

Carballo, a 20 de setembro de 2023